

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

EXTRACTO da Orde do 2 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN519E).

BDNS (Identif.): 840380.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/840380>

Primeiro. *Beneficiarios*

Asociacións de empresarios, entidades de conservación de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no capítulo II do título V de Xestión e conservación das áreas empresariais da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia e comunidades de propietarios de áreas empresariais que realicen investimentos, dentro do seu ámbito territorial.

Segundo. *Obxecto*

A mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 2 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN519E).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: i1665ok9-daz9-qyw0-s5c9-8sehmppmggz2



Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 1.027.907,53 €, distribuído en dúas anualidades, 205.581,51 € para o ano 2025 e 822.326,02 € para o ano 2026.

Intensidade das axudas: 80 % do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 120.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2025

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía e Industria

CVE-DOG: i1665ok9-daz9-qyw0-s5c9-8sehmpmoggz2

